



## Consello Da Cultura Galega

### Ciclo de Cinema Galego-Portugués, 3ª edición. **Mulleres, patrimonios, sociedade**

#### **Coordinación / Equipo de traballo**

Rebeca Blanco-Rotea (Consello da Cultura Galega, USC), Noemí Basanta (USC), Sara Traba (Directora de cine), José Gabriel Andrade (UMinho), Alexandra Esteves (UMinho), Fernanda Magalhães (UMinho).

#### **Datas**

14, 15 e 16 de outubro de 2021

#### **Lugar**

Auditório da Casa das Artes de Arcos de Valdevez (Portugal)

#### **Sinopse**

O **ciclo de cine galego-portugués** ten como obxectivo promover o intercambio cultural entre Galicia e Portugal. Para a edición de 2021 propoñemos un ciclo estruturado en **tres xornadas continuas (xoves, venres e sábado)**, durante as cales exhibiranse unha curtametraxe e un filme, seguidos dun debate-coloquio no que se contará coa participación dos directores/as ou alguén responsable dalgunha das tarefas do filme, o público e unha figura representativa dalgunha das institucións organizadoras para conducir o debate. Os obxectivos desta terceira edición son dar visibilidade á realidade portuguesa e galega, ofrecendo unha visión positiva e vangardista dos produtos culturais que se están desenvolvendo no panorama actual, a partir dunha selección de producións con impacto na sociedade portuguesa e galega. E visibilizar e promover a reflexión sobre temas sociais de gran interese en Galicia e Portugal, tomando como referencia a muller e, en particular, o seu papel nas crises e no patrimonio, sendo este entendido como instrumento de cohesión social e ata de apoio emocional e de desenvolvemento económico en áreas demograficamente deprimidas.

As institucións implicadas son:

**Consello da Cultura Galega**

**Universidade do Minho (UMinho):** Vicerreitoría da Cultura e Sociedade e do Centro de Estudos Galegos

**Câmara Municipal de Arcos de Valdevez (iv)** a

**Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia**

**Comissão Temática de Promoção e Difusão da Língua Portuguesa dos Observadores Consultivos da CPLP.**



## Consello Da Cultura Galega

### **Programa:**

#### **Xornada 1. Mulleres (14 de outubro): o papel das mulleres nas crises**

*Nación* (2020) de Margarita Ledo, 92 min

*Mulheres em quarentena* (2020) de Bárbara Tavares, 20 min

Debate con Margarita Ledo e Bárbara Tavares

Mediadoras do debate: José Gabriel Andrade e Rebeca Blanco-Rotea

#### **Xornada 2. Patrimonios: o patrimonio como ferramenta de cohesión social**

*Das arquitecturas tradicionais* (2020), Carlos Eduardo Viana, 33 min

*Ganas* (2020), Maria da Fonseca & Rafaela Gomes, 16.25 min

Debate con Carlos Eduardo Viana, Fernando Cerqueira Barros, Maria da Fonseca, Rafaela Gomes

Mediadoras do debate: Fernanda Magalhães e Sara Traba

#### **Xornada 3. Sociedade: da solidariedade á sororidade**

*Ons* (2020), Alfonso Zarauza, 87 min

*Lume na auga* (2015), Ana Lois, 39 min

Debate con Alfonso Zarauza, Paula Ballesteros, Ana Lois

Mediadoras do debate: Alexandra Estevez, Noemí Basanta

En paralelo a Exposición ONS SOA de Paula Ballesteros